

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA O FOMENTO DO EMPRENDIMENTO A TRAVÉS DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO DE GALICIA

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

REÚNENSE

Don José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación da Consellería en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela e presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG), constituído o 24 de febreiro de 2006 con personalidade xurídica plena e integrado pola Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, no seu nome e representación en virtude de nomeamento do Consello de Goberno do 19 de xaneiro de 2024, de acordo coa Resolución do 21 de febreiro de 2013 pola que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio e se acorda a súa publicación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir no nome das entidades que representan e,

EXPOÑEN

Primeiro. De acordo co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego. Constitúe un dos obxectos destas políticas activas, o "Plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica (IEBT) no seo da comunidade universitaria vinculadas aos labores e aos resultados de investigación, transferencia, valorización e innovación que se desenvolven nas universidades galegas, e acompañar a estas iniciativas durante a súa creación e na súa posta en marcha para maximizar as súas probabilidades de éxito".

Segundo. No ámbito das políticas activas de emprego, a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego no seu artigo 32 recolle a posibilidade de xestionar as accións e medidas de políticas activas de emprego, entre outras opcións, mediante a subscripción de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.



Á vista tamén da aprobación efectiva da Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego 2021-2024, polo Real decreto 1069/2021, de 4 de decembro, «BOE» núm. 292, do 7 de decembro de 2021, resulta que as Comunidades Autónomas están habilitadas para deseñar e desenvolver os correspondentes servizos e programas de políticas de activación para o emprego e, se é o caso, para adaptar o deseño dos seus programas e servizos ás súas necesidades propias.

Terceiro. Trátase dun convenio que regula a subvención nominativa cuxo obxecto é a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) para a realización do plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia para 2024. De conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, trátase dunha subvención de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Acreditáanse razóns de interese público, social e económico para a subscrición dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión Universitaria (CIXUG), para a realización do plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, se constitúe como axente necesario e imprescindible para desenvolver dito plan por diversos motivos:

En primeiro lugar, xustamente por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia o CIXUG convértese no axente educativo aglutinador de referencia en todo o territorio galego, facilitando o nexo entre este e, neste caso, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no que á educación superior e políticas activas para o emprego se refire.

Adicionalmente, a través das facultades e departamentos das universidades que o integran, dispón dun amplo coñecemento sobre todos os aspectos relevantes a ter en conta para a formación e o impulso da iniciativa emprendedora de base tecnolóxica baseada en resultados de investigación, tanto desde a perspectiva das competencias técnicas como das necesarias competencias persoais que deben adquirir os novos profesionais que desenvolvan a súa actividade neste campo do emprendemento innovador.

E por último, a través do papel dos grupos de investigación dedicados ás materias incluídas, tense a seguridade de empregar e transmitir coñecementos permanentemente actualizados e adaptados ás novas tendencias no eido da atención ás persoas emprendedoras no ámbito universitario, asegurando a futura sostibilidade da idea emprendedora e permanente evolución dos contidos de soporte, acorde á realidade de cada momento.

Por outra banda, tal e como reflicte o Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) como medida activa de emprego é preciso impulsar o espírito emprendedor no trinomio

investigación, tecnoloxía e emprego, mediante o aproveitamento intensivo e a colaboración coas diferentes estruturas que xa existen tanto na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e noutros departamentos da Xunta de Galicia, como coas tres universidades galegas e con outras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía e á iniciativa emprendedora, prevíndose mecanismos de acompañamento.

Por isto, o apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

Cuarto. En coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración incluíu no Plan Anual de Fomento do Emprego Digno (PAFED) para o ano 2024 dentro do EIXO 1 "ORIENTACIÓN", un Programa Propio denominado "PP00337 PROTOCOLO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FOMENTO DO EMPREGO, MELLORA DA ORIENTACIÓN E EMPRENDEMENTO".

Quinto. Dentro destas accións especializadas inclúese como elemento de referencia a realización dun conxunto de tarefas para o impulso e apoio á creación de novas iniciativas de emprego de base tecnolóxica, como resultado das actividades de investigación, transferencia, valoración e innovación que se desenvolven no Sistema Universitario de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (CIXUG) resaltan a necesidade de sumar esforzos, optimizando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e coordinando as distintas medidas de apoio para a mellora da empregabilidade, fomento do emprego, mellora da orientación e fomento do emprendemento; e para dar cumprimento o compromiso adquirido, asinan de común acordo este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables á subvención que se instrumenta entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o CIXUG, para abordar e executar o conxunto de iniciativas e actividades vinculadas ao fomento do emprendemento a través de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) a desenvolver polo CIXUG no ano 2024, para todas aquelas persoas interesadas.

Entre os obxectivos que se perseguen dende a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coa sinatura deste convenio de fomento das iniciativas empresariais de base tecnolóxica atópanse os seguintes:

- Impulsar o fomento da cultura emprendedora e o espírito empresarial innovador entre a poboación universitaria galega, como espazo de máxima referencia na divulgación

e creación destas iniciativas innovadoras con contido científico ou base tecnolóxica.

- Abordar o dito impulso dentro do Sistema Universitario de Galicia de xeito coordinado e integrado, facilitando o acceso ao conxunto de contidos e recursos de xeito cohesionado e baixo principios colaborativos entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as universidades do SUG a través do CIXUG.
- Apoio e asesoramento técnico ás persoas promotoras na realización do plan de empresa e no plan económico-financieiro, así como na posta en marcha dos proxectos e na tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación.
- Asistencia e realización de informes técnicos e informes dos consultores sobre o proxecto para o Comité de IEBT.
- E, en definitiva prestar servizos de especialización ás persoas promotoras das iniciativas emprendedoras para facilitar a materialización da súa idea, tanto a través de accións de acompañamento e asesoramento como na elaboración do plan de empresa e do lanzamento da actividade innovadora.

Segunda. Detalle das actividades a desenvolver

Os contidos mínimos que haberá de incluír o plan de fomento do emprendemento a través de IEBT que regula o presente Convenio de Colaboración serán os definidos na proposta metodolóxica que se inclúe como Anexo I ao presente convenio de colaboración.

Á marxe do sinalado no Anexo I, as actividades de fomento a desenvolver polo CIXUG serán todas as que se precisen para o bo fin das accións deste convenio.

Terceira. Calendario das actuacións a desenvolver

O calendario para a execución das actuacións a desenvolver ao abeiro do presente convenio será dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de novembro de 2024.

Cuarta. Compromisos e achegas do CIXUG

Polo presente convenio, o CIXUG comprométese a achegar os medios persoais con recoñecida experiencia, capacidade e solvencia para a avaliación tecnolóxica e empresarial dos proxectos que xurdan no calendario de actuacións, así como a pór a disposición os recursos materiais necesarios para a súa correcta execución e á subcontratación dos servizos especializados necesarios para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

En calquera caso, no ámbito do presente convenio de colaboración, o CIXUG asumirá o papel da dirección das actividades a desenvolver, debendo proceder en consecuencia, á coordinación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios para a súa execución e correspondente xustificación perante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e, no seu caso, á subcontratación dos servizos especializados necesarios para levar a cabo as actuacións establecidas no presente convenio.

Quinta. Compromisos e achegas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Segundo o calendario das actuacións a desenvolver, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración contribuirá ao presente convenio cunha achega económica de 75.000 € (setenta e cinco mil euros) para o CIXUG de acordo coa seguinte distribución:

- 7.500 € de xeito anticipado, unha vez asinado o convenio.
- 67.500 € unha vez revisada a documentación xustificativa, ao final do período de execución.

O seu financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 44.04.322C.444.0, código de proxecto 2015 00552 da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

En ningún caso a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aboará custos que excedan da dita cantidade.

Sexta. Gastos imputables e compatibilidade das axudas

1. A achega económica establecida na anterior cláusula destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados polo CIXUG, relativos a:

- a) Os custos salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actividades obxecto deste convenio, podendo tratarse de persoal que xa estea a prestar servizos na entidade beneficiaria ou aqueloutro que se contrate para tal fin.
- b) Gastos de axudas de custo e desprazamento do dito persoal.
- c) Gastos derivados da contratación de medios externos ou de encomendas a medios que formen parte da organización das universidades que compoñen o CIXUG sen limitación porcentual, sempre que quede garantida a natureza do gasto en relación coa actividade realizada, mediante constancia expresa no documento xustificativo ou por medio de certificación acreditativa de cada organización, e sempre tendo en conta que se deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 15% do custo total final do proxecto. Estes gastos inclúen os seguintes:

I. Gastos de execución de material técnico (guías, documentación para emprendedores,...) e de execución en material de oficina.

II. Gastos xerais necesarios para a execución das accións na parte correspondente á dita execución:

- Arrendamento (leasing excluído): edificios, mobiliario, efectos e equipos de arrendamento.
- Mantemento (se non está incluído no arrendamento).



- Subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento).
- Comunicacions (teléfono, correos...).
- Limpeza.
- Seguridade e vixilancia.

2. A acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase presentando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

- Relación nominal de persoas traballadoras (RNT) segundo modelo da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Copia das nóminas correspondentes aos meses imputados.
- Copia do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados pola transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pagamento.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de axudas de custo e desprazamentos non incluídos nas nóminas, contratación de medios externos e gastos xerais, materiais e técnicos necesarios: facturas correspondentes, orixinais, formato electrónico admisible legalmente ou copias auténticas, e xustificación do pagamento destas a través de transferencia ou cargo bancario, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca ao CIXUG e ao período de vixencia do convenio e deberán incluír, se fose posible, a denominación do "Plan de Fomento do Emprendemento a través de IEBT no ámbito universitario de Galicia".

c) Gastos imputables aos convenios asinados coas entidades integrantes do CIXUG relativos ao desenvolvemento de actividades recollidas neste convenio: mediante certificado do órgano competente dos gastos realizados con cargo ao convenio e memoria descritiva das actividades realizadas, así como a achega das correspondentes facturas e xustificantes bancarios do pagamento.

3. Respecto da compatibilidade da axuda, a subvención que se regula no presente convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos e privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o importe total das subvencións concedidas supere o total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

Sétima. Xustificación e pagamento



1. O pagamento da axuda prevista no presente convenio realizarase do seguinte xeito:

a) Pagamento anticipado:

Unha vez asinado o presente convenio de colaboración, o CIXUG poderá solicitar un pagamento de ata 7.500 euros, en concepto de pagamento anticipado sen necesidade de xustificación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías "as entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 1º deste regulamento".

b) Pagamento final, liquidación:

Unha vez revisada a documentación xustificativa, liquidarase o expediente e realizarase o pagamento final por importe da diferenza entre a contía anticipada e a xustificada.

2. A documentación xustificativa presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

O prazo máximo para presentar a documentación xustificativa das actividades desenvolvidas será o 30 de novembro de 2024.

O CIXUG deberá presentar a seguinte documentación:

a) Certificado do órgano competente dos gastos realizados con cargo ao convenio

b) Memoria descritiva das actividades realizadas.

c) Documentación xustificativa dos gastos imputados conforme ao previsto na cláusula sexta do presente convenio.

d) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.

Oitava. Obrigas do CIXUG

O CIXUG, ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeito ás seguintes obrigas:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia, incluído o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Neste sentido, a sinatura do presente convenio comportará a autorización ao órgano xestor da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a devandita certificación poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

b) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de *fomento da empregabilidade*.

f) Cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Novena. Publicidade das actividades subvencionadas

Para os efectos de difusión pública, nos lugares, incluídas as páxinas web, onde se realicen as actividades obxecto do convenio deberá figurar, de forma visible, o financiamento pola



Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e do Ministerio de Traballo e Economía Social a través do SEPE, e visualizaranse claramente os logotipos da Xunta de Galicia, o do SEPE e o do Ministerio de Traballo e Economía Social

Así mesmo, todos os materiais e produtos que se elaboren con cargo á axuda concedida deberán utilizar axeitadamente o logotipo da Xunta de Galicia de acordo co Manual de Identidade Corporativa (<http://www.xunta.es/descarga-do-manual>).

En virtude do anterior, e con carácter previo á súa utilización, o CIXUG deberá obter a aprobación expresa por parte da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais en relación aos deseños a empregar.

Décima. Publicidade e inscrición en rexistros

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo primeira. Modificación e criterios de gradación de posibles incumprimentos

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas. De acordo co artigo 49.1.g) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público en relación á modificación do convenio, a falta dunha regulación expresa sobre a mesma, estarase ao previsto na Lei, é dicir a posibilidade de modificación do convenio, sempre que se estableza por acordo unánime das partes.

Así mesmo, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando esta teña como finalidade a consecución de obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume de obrigas ou a ampliación do prazo de execución, de acordo co previsto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo segunda. Causas de resolución

O convenio extinguese polo cumprimento das actuacións ou por incorrer nalgunha das causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. A denuncia terá que efectuarse mediante



comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

Décimo terceira. Reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os criterios de gradación dos posibles incumprimentos polo beneficiario das condicións establecidas neste convenio serán os seguintes:

- a) O incumprimento total das obrigas para os que se outorgou a subvención dará lugar ao reintegro da totalidade da cantidade concedida.
- b) A cantidade a reintegrar no caso de incumprimento parcial na execución ou na xustificación das accións ou gastos virá determinada, con arranxo ao criterio de proporcionalidade polo volume e grao de incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión. Establece unha penalización do 10% da contía da subvención no caso de demora na presentación da xustificación.

Igualmente no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o xuro de demora correspondente.

Décimo cuarta. Vixencia e Duración

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as actividades englobadas no presente convenio que realizase o CIXUG dende o 1 de xaneiro de 2024, tamén poderán ser subvencionadas.

Décimo quinta. Seguimento do Convenio

Crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución deste Convenio. Esta Comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes. Esta Comisión será a encargada de solucionar as controversias que se podan suscitar na interpretación do Convenio.

Décimo sexta. Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.



As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, no mesmo lugar que se indica ao comezo, na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración da Xunta de Galicia

O presidente do Consorcio para o
desenvolvemento de aplicacións para
a xestión universitaria

JOSÉ GONZÁLEZ VÁZQUEZ

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ



ANEXO I

ACTIVIDADES A DESENVOLVER DENDE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. En materia de formación e promoción da cultura emprendedora:

- a) A través do Programa de Mellora da Empregabilidade que se realiza cada curso académico, realización de charlas nas facultades para fomentar a cultura emprendedora e as iniciativas de base tecnolóxica.
- b) Reunións de traballo con grupos de investigación para a identificación de resultados de investigación e determinación do seu potencial comercial.

2. En materia de creación de Empresas de Base Tecnolóxica:

- a) Asesoramento na elaboración de plans de empresa e asesoramento aos equipos emprendedores desde a idea ata a constitución da empresa.
- b) Valorización de tecnoloxías relacionadas con iniciativas spin-offs universitarias.
- c) Apoio na tramitación das IEBT: tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación de IEBT mediante a realización dos informes técnicos e o informe do consultor para o Comité de IEBT e asistencia ao mesmo na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- d) Realización de charlas explicando o proceso de cualificación das IEBT denominadas "Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica (IEBT): proceso de cualificación"

3. En materia de promoción e difusión de IEBT

Realización de charlas de promotores/as de empresas que xa obtiveron a cualificación como IEBT relatando a súa experiencia no proceso de cualificación e os beneficios que esta lle aportou.



ACTIVIDADES A DESENVOLVER DENDE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. En materia de difusión da cultura emprendedora e identificación de resultados de investigación con potencial empresarial:

- a) Charlas divulgativas en facultades, tanto en clases de grao como de máster.
- b) Reunións con grupos de investigación para a identificación de resultados de investigación e determinación do seu potencial comercial.

2. En materia de formación:

- a) Desenvolvemento de programas formativos para adestrar a estudantes e outros membros da comunidade universitaria na realización de un Plan de Empresa, en colaboración con compañeiros con competencias complementarias.
- b) Obxectivo xeral: que estudantes de últimos cursos e os que se acaban de graduar poidan aprender como elaborar un plan de empresa e adquiren competencias en materia de emprendemento.
- c) Metodoloxía: A través de asesores se apoiará o desenvolvemento dunha idea empresarial nun modelo de negocio viable.

3. En materia de creación de Empresas de Base Tecnolóxica:

- a) Elaboración de plans de empresa e asesoramento ós equipos emprendedores desde a idea ata a constitución da empresa.
- b) Apoio na tramitación das IEBT: Tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación de IEBT mediante a realización dos informes técnicos e o informe do consultor para o Comité de IEBT e asistencia ó mesmo na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

4. En materia de apoio ás Empresas de Base Tecnolóxica:

- a) Xestión dos espazos de incubación do Edificio Emprendia, viveiro de empresas da USC
- b) Apoio ás empresas na busca de financiamento mediante contactos con investidores e organización de xornadas de presentación de proxectos ante investidores.
- c) Consolidación das redes de comercialización das empresas mediante apoio na internacionalización e organización de xornadas de networking sectoriais entre empresas de base tecnolóxica e grandes empresas.
- d) Apoio ás IEBT na busca de perfís comerciais e xerenciais.



ACTIVIDADES A DESENVOLVER DENDE A UNIVERSIDADE DE VIGO

1. En materia de apoio a IEBT:

- a) Apoio e asesoramento técnico aos promotores/as na realización do plan de empresa e no plan económico-financeiro.
- b) Apoio na tramitación das IEBT: apoio na posta en marcha dos proxectos e na tramitación dos expedientes de solicitude de cualificación; realización de informes técnicos e informe do consultor para o Comité de IEBT e asistencia ao mesmo na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

2. En materia de apoio á creación de empresas:

- a) Proxecto INCUVI-EMPRENDE e INCUVI-AVANZA: colaboración no deseño e coordinación do Programa de formación e titorización dos PREMIOS INCUVI 2024, un total de 14 ideas empresariais de distintos ámbitos e dos 3 campus universitarios da Universidade de Vigo. A formación e titorización abrangue desde o desenvolvemento da idea ata a súa concreción a través da elaboración do plan de empresa e o apoio no seu caso da constitución da mesma.
- b) Asesoría a persoas emprendedoras

3. En materia de formación e fomento do emprendemento:

- a) Realización de accións de difusión do programa de IEBT na Universidade e institucións potencialmente interesadas no programa; e difusión de eventos e formación de interese no ámbito do emprendemento.
- b) Elaboración e actualización de material de apoio para a formación en emprendemento e posta a disposición do mesmo aos membros da comunidade universitaria interesados na posta en marcha de proxectos e empresas.
- c) Apoio ás IEBT na busca de perfís comerciais e xerenciais.

